Europeos

Arteixo

proxecto, polo seu impacto directo sobre un núcleo residencial e rural consolidado, así como a apertura dun proceso rigoroso de avaliación de alternativas afastadas de zonas habitadas.

A motivación de dita oposición é a seguinte:

- Incompatibilidade coa contorna residencial e rural: Souto non é un espazo industrial, senón un territorio habitado con vivendas, actividade agraria e valor ambiental. A implantación dunha terminal de mercancías é incompatible con esta realidade.
- Impacto acústico severo (especialmente nocturno): As operacións ferroviarias (manobras, axustes, carga/descarga) xerarán niveis de ruído incompatibles co descanso e a saúde nunha contorna residencial.
- Vibracións con afección directa a vivendas: A proximidade a menos dun quilómetro de numerosas vivendas implica exposición continuada a vibracións derivadas do tráfico ferroviario pesado.
- Incremento do tráfico pesado: A instalación xerará un fluxo constante de camións, transformando estradas locais en eixos loxísticos, con impacto directo en seguridade viaria, ruído e emisións.
- Deterioración da calidade do aire: A actividade loxística intensiva supoñerá un incremento de emisións nunha zona actualmente caracterizada por niveis baixos de contaminación.
- Riscos por mercancías perigosas: A posible manipulación ou transporte de mercancías perigosas introduce un risco inaceptable nunha contorna habitada.
- Falta de información e participación pública: A veciñanza afectada non foi informada nin consultada adecuadamente, vulnerando principios básicos de transparencia e participación cidadá.

Dende a corporación arteixá sumámonos a petición da veciñanza afectada deixando claro que non existe oposición ao transporte ferroviario nin ao desenvolvemento loxístico, só estamos contra a localización proposta, polos graves impactos que xerará sobre unha zona habitada e pedimos unha negociación do Ministerio cos concellos e poboación afectada para consensuar o mellor lugar para dita instalación.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Arteixo acorda:

- Solicitalle ao Ministerio a paralización do proxecto de instalación dunha estación de mercadorías ferroviarias na zona de Souto, polo seu impacto directo sobre un núcleo residencial e rural consolidado, así como a apertura dun proceso rigoroso de avaliación de

alternativas afastadas de zonas habitadas coa participación dos concellos e poboación afectada.

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, e tras unha serie de deliberacións respecto á proclamación da moción como institucional unha vez incorporado o seguinte punto ao acordo transcrito na mesma: Solicitar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible información precisa do proxecto que se está valorando levar a cabo.

O Pleno da Corporación, unha vez consensuado o texto dos acordos por todos os grupos municipais, proclama institucional a moción transcrita e por tanto, solicita ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible:

PRIMEIRO: A paralización do proxecto de instalación dunha estación de mercadorías ferroviarias na zona de Souto, polo seu impacto directo sobre o núcleo residencial e rural consolidado, así como a apertura dun proceso rigoroso de avaliación de alternativas afastadas de zonas habitadas coa participación dos concellos e poboación afectada.

SEGUNDO: Información precisa do proxecto que se está valorando levar a cabo.

7. MOCIÓN PARA A DEFENSA DO MUNICIPALISMO GALEGO E A REFORMULACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA (RE 202699900004064 do 21.04.2026).- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 27 de abril de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

“5. MOCIÓN PARA A DEFENSA DO MUNICIPALISMO GALEGO E A REFORMULACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA (RE 202699900004064 do 21.04.2026).- Dase conta da moción presentada polo grupo municipal socialista en data 21.04.2026 con rexistro de entrada nº 2026/999/4064, co seguinte teor literal:



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os concellos son a base do noso autogoberno e a administración máis próxima á cidadanía. Son quen dá resposta directa aos problemas do día a día, quen sostén os servizos públicos e quen constrúe cohesión social desde o territorio.

Desde o PSdeG defendemos un municipalismo forte e autónomo, que reforce o papel da administración local como ferramenta clave para a igualdade, o equilibrio territorial e o progreso. Por iso, a Lei de Administración Local debe pasar por máis financiamento, máis participación real e máis autonomía. Trátase dunha norma fundamental —a verdadeira Constitución dos concellos—, porque define como se organizan, que competencias teñen e con que medios e financiamento contan.

Galicia precisa, por tanto, unha lei moderna, clara e ambiciosa, que dea máis capacidade, máis recursos e máis autonomía aos concellos. Pero o anteproxecto

sometido á exposición pública pola Xunta —nun prazo claramente insuficiente para a súa análise e a presentación de propostas— non vai nesa dirección. Así o destacan as alegacións presentadas polas Deputacións, concellos e a propia FEGAMP.

Non estamos ante unha lei de municipalismo, senón ante un texto que recentraliza o poder na Xunta de Galicia, limita a autonomía local e impón novas obrigas sen garantir os orzamentos necesario. En lugar de fortalecer aos concellos, debilítaos e sitúaos nun papel subordinado. O anteproxecto amplía de forma significativa as funcións e obrigas de concellos e deputacións, pero faino sen garantir tres elementos esenciais: o financiamento suficiente para asumir esas competencias, a participación real das entidades locais na elaboración da norma e o respecto á súa autonomía organizativa e competencial.

A isto súmase un proceso de elaboración que deixa moito que desexar. Non houbo consulta pública previa, nin participación real das entidades locais, nin transparencia suficiente. Faltan memorias económicas e informes clave, o que impide avaliar o impacto real da norma e limita o debate democrático.

No seu contido, o texto presenta carencias importantes: non define un modelo claro de municipalismo, introduce unha regulación aínda máis confusa das competencias que a lei actual e non garante os recursos suficientes para atender uns servizos de calidade, deixando fóra ámbitos esenciais. Ademais, omite a regulación de bens, patrimonio, actividades e servizos locais, a diferenza do que fan o resto das comunidades autónomas. Tamén debilita o uso do galego, cuestiona elementos propios do noso modelo territorial e impón obrigas pouco realistas para moitas entidades locais, especialmente as máis pequenos, chegando mesmo a contemplar fusións obrigatorias.

En definitiva, estamos ante un claro retroceso. Galicia necesita unha lei que fortaleza os seus concellos, que respecte a súa autonomía e garanta os medios necesarios para responder á cidadanía. Unha lei construída desde o diálogo, coa participación das entidades locais e cun compromiso claro co municipalismo.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Arteixo acorda:

1. **Rexeitar o Anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia**, por supoñer unha regresión na autonomía municipal e unha recentralización do poder en favor da Xunta.
2. **Instar á Xunta de Galicia a retirar e reformular substancialmente o anteproxecto** antes da súa tramitación parlamentaria, para adecualo aos principios constitucionais de autonomía local e suficiencia financeira recollidos nos artigos 137, 140, 141 e 142 da Constitución Española e no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local.



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

- 3. Esixir á Xunta de Galicia que, con carácter previo á redacción dun novo texto,** leve a cabo a consulta pública previa legalmente obrigatoria e facilite as memorias económicas que xustifiquen o custo real das competencias que se pretendan atribuír ás entidades locais, garantindo así a participación efectiva de concellos, deputacións e partidos políticos.
- 4. Reclamar a fixación por lei dunha porcentaxe mínima garantida de participación dos concellos galegos** nos ingresos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local, que non poida ser reducida unilateralmente mediante as leis de orzamentos anuais.
- 5. Demandar a creación de fondos específicos, estables e con dotación orzamentaria suficiente** para compensar aos concellos e deputacións polos gastos derivados de servizos de competencia autonómica, como o mantemento de centros de saúde, centros educativos e centros de educación especial.
- 6. Reivindicar que calquera regulación das fusións municipais respecte a vontade das poboacións afectadas,** mediante a celebración dun referendo previo, conforme ao artigo 5 da Carta Europea de Autonomía Local, e que calquera fusión de carácter obrigatorio requira lei expresa do Parlamento de Galicia.
- 7. Instar á Xunta de Galicia a ampliar e flexibilizar os criterios de definición dos municipios en situación de reto demográfico,** adoptando un modelo máis inclusivo e adaptado á realidade galega, e a concretar medidas de apoio con garantías xurídicas e dotación orzamentaria suficiente.
- 8. Reforzar o compromiso coa lingua galega,** garantindo o seu uso normal e promovendo políticas activas de normalización desde os concellos.
- 9. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia, á FEGAMP e ás Deputacións Provinciais.**

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”



Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 3 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Votos en contra:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama por MAIORÍA DOS/AS PRESENTES rexeitada a moción.

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA A GRATUIDADE DA AUTOVÍA AG-55 (RE 202699900004143 do 22.04.2026).- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 27 de abril de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

“6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA A GRATUIDADE DA AUTOVÍA AG-55 (RE 202699900004143 do 22.04.2026).- Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG en data 22.04.2026 con rexistro de entrada número 2026/999/4143, co seguinte teor literal:



MOCIÓN PARA DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA A GRATUIDADE DA AUTOVÍA AG-55

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada de peaxe Carballo-A Coruña (AG-55) construíuse en dúas fases a principios dos anos 90: o tramo entre A Coruña e A Laracha inaugurouse o 26 de setembro de 1993, e a segunda fase ata Carballo completouse o 30 de decembro de 1997 que foi cando a inauguraron nun acto sorpresa, de noite e acompañados de antidisturbios e dun cordón policial, impedindo o achegamento dos veciños e veciñas da Plataforma pola Autovía Gratuíta, conformada por entidades políticas e sociais diversas da comarca.

A Xunta de Galiza é titular da autovía A Coruña-Carballo (AG-55), cuxa concesión administrativa para a construción, conservación e explotación foi adxudicada por un tempo de 50 anos á Autoestradas de Galiza, Concesionaria da Xunta de Galiza, S.A., en virtude do Decreto 23/1995, de 20 de xaneiro e que finalizará no ano 2045.

A súa prolongación ata a Costa da Morte, aínda hoxe non é unha realidade, pois a comarca leva demasiados anos esperando a que as administracións executen e rematen unha autovía prometida en innumerábeis ocasións, en cada unha das eleccións que se sucederon dende o ano 2003, data na que se anunciou a súa construción no famoso Plan Galiza, como compensación á comarca pola desastrosa xestión medioambiental dos gobernos na catástrofe do Prestige.

Despois de varias licitacións fallidas, no ano 2011 a obra da autovía Carballo-Berdoias, de 42 quilómetros de lonxitude, fora adxudicada a unha UTE formada por Copasa, Taboada y Ramos, Covsa e CRC, máis un novo revés fixo que a Xunta de Galiza perdoara á concesionaria a execución do último tramo de 15 quilómetros entre Baio e Berdoias (un 35% do traxecto), a cambio de aforrar o 17% do custe total do contrato, polo que foi un mal negocio para os intereses da comarca. Dende 2016, a Xunta paga á concesionaria un canon de 23 millóns de euros anuais que se incrementan progresivamente, ata completar un gasto total de 630 millóns entre a



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

inauguración da autovía e o fin da concesión no ano 2038. A consecuencia foi que a Costa da Morte quedou sen autovía no tramo Baio-Berdoias, e por enriba agora o reconverten nun corredor cunha soa vía por sentido, e seguimos sen termos rematada a conexión da autovía ata Cee e ao porto de Brens, tal e como estaba planificado no plan MOVE (Plan de Mobilidade e Ordenación viaria Estratéxica 2009-2015) aprobado pola propia Xunta no ano 2010.

No consello da Xunta de Galiza celebrado o 10 de outubro de 2024 aprobouse o rescate da concesión de catro autoestradas no noso país a través dun investimento de 297 millóns de euros: a do Salnés, a da Barbanza, a Ourense-Celanova e a Santiago-Brión, eliminando así as peaxes en sombra que se viñan pagando anualmente. Decía daquela o presidente da Xunta e do PP de Galiza o Sr. Rueda sobre a operación que “permitirá un aforro de máis de 30 millóns de euros ao ano para as arcas públicas galegas”. Sen embargo non houbo sorte para a Costa da Morte, Bergantiños e Arteixo, as concesións na AG-55 non se rescataron, non entraron nos plans de aforro do goberno galego do Partido Popular.

Os veciños e veciñas da Costa da Morte, Bergantiños e Arteixo, seguimos a custear unha infraestrutura estratéxica cun réxime de concesión que a Xunta se resiste a rescatar, seguimos pagando peaxes por usar unha autovía fundamental para a comunicación da comarca coa cidade da Coruña e dos polígonos industriais co porto exterior de Punta Langosteira. No noso caso non rescata a concesión, porque a Xunta nada ten que aforrar ás arcas públicas, porque somos nós os que pagamos directamente o seu custe, sostendo un negocio que segue a ser moi rendible para a empresa e que ao que lle quedan 19 anos máis de ganancias. As tarifas soben cada ano co beneplácito da Xunta, e xa son 2,60 € o que vale ir hoxe de Carballo a Coruña, 1,35 ir de Paiosaco a Carballo, 1,30 de Arteixo á Laracha, ou 0,85 de Laracha a Carballo. A Xunta de Galiza presume de aplicar bonificacións nas peaxes, mais non son suficientes para compensar a débeda histórica que teñen con estas dúas comarcas, pola falla de investimentos para desenvolver tanto as súas economías como o benestar durante décadas, e por seguir a tratarnos sempre de últimos para todo, en termos comparativos.

A todo isto, hai que sumarlle que este tramo Carballo-Coruña nos seus 32 quilómetros conta con 51 curvas, algunha delas moi perigosas e cun bo palmarés de accidentes. Esta autovía está repleta de rebacheos, tramos en mal estado de conservación e ten dúcias de puntos onde se concentran balsas de augas os días que chove, e que provocan “aquaplaning”, perdendo os vehículos adherencia e o control do mesmo. Temos unha autovía que aos ollos de calquera usuario non reúne as condicións mínimas de conservación e seguridade, aló menos os días chuviosos de inverno, polo que xa só por isto último non debera cobrarse unha peaxe.

A Costa da Morte, Bergantiños e Arteixo non poden seguir sufrindo a discriminación do goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, e menos cando falamos dunha infraestrutura fundamental e vital para o desenvolvemento económico, para as comunicacións e para o transporte de viaxeiros e mercadorías, necesaria tanto para conectar os parques empresariais co porto exterior e a cidade e así facelos máis atractivos e competitivos, como para facer máis segura as estradas nos desprazamentos particulares da veciñanza.

En definitiva, levamos 30 anos de abuso pagando unha peaxe que nunca debera imponse, porque prometeran que sería gratuíta; 30 anos de aldraxe sufragando unha obra que necesitabamos, merecíamos, e reclamamos, pero que está sendo pagada directamente polos veciños e veciñas da Costa da Morte, Bergantiños e Arteixo.

Por estes motivos, o BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. O Pleno do Concello de Arteixo insta á Xunta de Galiza a eliminar as peaxes e a instaurar a gratuidade plena na autovía galega AG-55.

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORIA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida."

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:



Votos a favor:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 3 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.

**** Sendo as 12:00 horas, a Alcaldía-Presidencia anuncia un RECESO.**

**** Sendo as 12:15 horas, a Alcaldía-Presidencia reanuda a sesión.**

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN Á DEFENSA DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES GALEGOS E CONTRA A CRIMINALIZACIÓN DAS BAIXAS LABORAIS POR PARTE DO GOBERNO DA XUNTA DE GALIZA (RE 202699900004143 do 22.04.2026).- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 27 de abril de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

"7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN Á DEFENSA DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES GALEGOS E CONTRA A CRIMINALIZACIÓN DAS BAIXAS LABORAIS POR PARTE DO GOBERNO DA XUNTA DE GALIZA (RE 202699900004143 do 22.04.2026).- Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG en data 22.04.2026 con rexistro de entrada nº 2026/999/4143, co seguinte teor literal:

MOCIÓN DO BNG EN RELACIÓN Á DEFENSA DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES GALEGOS E CONTRA A CRIMINALIZACIÓN DAS BAIXAS LABORAIS POR PARTE DO GOBERNO DA XUNTA DE GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, no marco do Debate sobre o Estado da Nación, o presidente da Xunta de Galiza, Alfonso Rueda, presentou como principal medida en materia laboral unha proposta dirixida a endurecer o control sobre as baixas por incapacidade temporal. Esta iniciativa, lonxe de abordar as causas estruturais da precariedade ou a saúde laboral, supón un ataque directo aos dereitos da clase traballadora galega.

A proposta do Partido Popular parte dunha premisa insultante: situar o foco da sospeita sobre as traballadoras e traballadores, cuestionando a súa honestidade e tratando o persoal médico como cómplice de prácticas fraudulentas. Esta visión ignora deliberadamente a realidade estatística do noso país, que desmonta calquera teoría sobre o abuso da incapacidade temporal: Galiza sitúase como a segunda comunidade autónoma co índice máis baixo de baixas laborais de todo o Estado (27 por cada mil afiliados fronte á media estatal de 40).

O problema en Galiza non é o absentismo inxustificable, senón unha xestión sanitaria deficiente e unha precariedade laboral alarmante que se manifesta nos seguintes puntos:

- Sinistralidade Laboral: Galiza lidera sistematicamente as estatísticas de accidentes de traballo, con cifras dramáticas como as 43 mortes rexistradas o pasado ano.
- Colapso da Sanidade Pública: Se as baixas teñen unha duración maior no noso país, é debido ás listas de espera e ao desmantelamento da Atención

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixox.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Primaria e Especializada, o que atrasa inevitabelmente diagnósticos e tratamentos.

- Privatización encuberta: Esta proposta pretende utilizar o colapso sanitario como escusa para derivar competencias e recursos cara ás mutuas privadas, debilitando aínda máis o sistema público de saúde.

Criminalizar a quen padece unha enfermidade ou sufriu un accidente laboral é socialmente impresentábel. O que cómpre non é perseguir a doentes, senón reforzar o persoal sanitario e mellorar as condicións de seguridade nos centros de traballo.

Por estes motivos, o BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. A corporación Concello de Arteixo amosa o seu rexeitamento á proposta irresponsábel da Xunta de Galiza de endurecer e dificultar o acceso ás baixas laborais, por considerar que criminaliza de xeito inxustificábel a clase traballadora galega.
2. O Pleno do Concello de Arteixo solicita á Xunta de Galiza a pedir desculpas publicamente ás traballadoras e traballadores galegos polas acusacións intolerábeis de fraude e absentismo vertidas desde a presidencia do Goberno galego.
3. O Pleno do Concello de Arteixo insta á Xunta de Galiza a:
 - Reforzar de xeito inmediato o persoal da Sanidade Pública, especialmente en Atención Primaria, como medida imprescindible para garantir unha atención rápida e eficaz que reduza os tempos de recuperación das doenzas laborais.
 - Abandonar calquera estratexia de privatización da xestión da saúde laboral a través das mutuas, por ser unha deriva vulnerábel para o sistema público e os dereitos laborais.
 - Incrementar as políticas de prevención de riscos laborais e a vixilancia sobre a sinistralidade para frear o elevado número de accidentes e mortes no traballo en Galiza, unha situación que resulta insustentábel.
4. Dar traslado destes acordos ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares con representación no Parlamento de Galiza.

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións.

<<...>>

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORIA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 3 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Votos en contra:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama por MAIORÍA DOS/AS PRESENTES rexeitada a moción.

10. ASUNTOS DE URXENCIA.-

10.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL NON ADSCRITO PARA INSTAR Á DIMISIÓN DO CONCELLEIRO DE URBANISMO E DO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO (RE 2026/999/4345 do 27.04.2026).- Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal Non Adscrito, en data 27.04.2026 con rexistro de entrada nº 2026/999/4345, co seguinte teor literal:



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno ordinario celebrado o día **26 de febreiro de 2026**, a concelleira **Noelia Martínez Canosa** formulou pregunta en relación coa instalación dunha caseta tipo contedor utilizada como oficina inmobiliaria na beirarrúa da Travesía de Arteixo.

Na devandita sesión plenaria, o concelleiro de urbanismo, **Alberto Castro Calvete**, afirmou que o espazo ocupado era de titularidade privada, concretamente do promotor, extremo que foi ademais avalado polo alcalde-presidente, **Carlos Calvelo Martínez**.

Ante esta situación, e co fin de exercer as súas funcións de control e fiscalización, **Noelia Martínez Canosa** presentou solicitudes formais de acceso á información con datas **3 e 16 de marzo de 2026**, interesando o acceso ao expediente administrativo completo, incluíndo autorizacións, informes técnicos e documentación acreditativa da titularidade do solo.

Transcorrido o prazo legalmente establecido de cinco días naturais sen obter resposta, produciuse unha falta de atención ao dereito de acceso á información, o que motivou a presentación dunha moción ao Pleno da Corporación en relación con esta cuestión. Durante o debate da devandita moción, o concelleiro de urbanismo volveu reiterar as mesmas afirmacións, insistindo en que o solo ocupado non tiña carácter público no momento actual, senón que pertencía ao promotor, persistindo así nunha versión contraria á realidade.

Posteriormente, tras as actuacións oportunas, o expediente administrativo foi finalmente consultado con data **13 de abril de 2026**, momento no que se puido comprobar que as afirmacións realizadas en sede plenaria eran manifestamente falsas.

En efecto, consta no expediente **acta de cesión de terreos para viais de data 16 de decembro de 2013 (expedientes 236/06 e 51/13)**, pola cal o promotor cede ao Concello os terreos destinados a uso público, incluíndo a beirarrúa ocupada pola caseta. Dita acta foi formalizada baixo a alcaldía do actual rexedor municipal, o que evidencia que esta realidade era coñecida polos responsables políticos desde hai máis dunha década.



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Así mesmo, durante a consulta do expediente, solicitouse copia da acta de cesión, sendo inicialmente facilitada documentación correspondente a outra parcela distinta, o que obrigou a acudir novamente ao Servizo de Urbanismo para consultar novamente o expediente e obter a documentación correcta.

Por outra banda, da documentación municipal consultada despréndese que non consta licenza urbanística nin autorización administrativa algunha que ampare nin a instalación da caseta nin o exercicio da actividade desenvolvida na mesma.

Estamos, polo tanto, ante unha situación na que durante anos se permitiu a ocupación de dominio público sen título habilitante, o uso privativo dun espazo público sen aboar taxa algunha, o desenvolvemento dunha actividade económica sen licenza, a afección ao tránsito peonil —ocupando boa parte da beirarrúa— e unha situación de competencia desleal respecto doutros negocios do mesmo sector.

Todo isto coa inacción dos responsables municipais, a pesar de tratarse dunha situación evidente e continuada no tempo.

Con data **23 de abril de 2026**, o promotor procedeu á retirada parcial da caseta situada na beirarrúa, retirando un dos módulos e retranqueando os restantes cara ao interior da parcela, mantendo en todo caso a actividade. Durante estes traballos de retirada da instalación do dominio público, o concelleiro de urbanismo acudiu ao lugar dos feitos e estivo presente, podendo comprobar directamente a actuación que se estaba a desenvolver. A pesar de que a instalación continuaba no emprazamento sen contar con título habilitante nin para a súa instalación nin para o exercicio da actividade, non consta que se adoptase ningunha medida inmediata para ordenar a súa retirada, permitindo así que a caseta fose desprazada ao interior da parcela e que a actividade continuase nese momento.

Ante esta situación, **Noelia Martínez Canosa** presentou, con data **24 de abril de 2026**, dous escritos formais: un ante a Policía Local solicitando o levantamento de acta e outro dirixido á Alcaldía, Urbanismo e Secretaría Xeral instando a actuación inmediata.

Como consecuencia directa destas actuacións, a caseta foi finalmente retirada na mesma xornada, quedando libre tanto o dominio público como a parcela. Esta secuencia evidencia que a actuación municipal non foi de oficio nin preventiva, senón consecuencia directa da intervención exercida no exercicio das súas funcións de control.

Cómpre salientar que todas estas actuacións foron impulsadas directamente por **Noelia Martínez Canosa**, sendo determinantes para o esclarecemento dos feitos e para a restitución da legalidade.

En consecuencia, os feitos descritos non constitúen un erro puntual, senón unha actuación continuada no tempo que inclúe:

- A emisión reiterada de información falsa en sede plenaria
- A ocultación dunha ilegalidade urbanística grave
- A permisividade fronte ao uso indebido do dominio público



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

- A inacción consciente ante unha situación irregular coñecida

Por todo isto, enténdese plenamente xustificada a solicitude de dimisión do concelleiro de urbanismo, por mentir reiteradamente, intentar ocultar a realidade e non actuar ante unha ilegalidade manifesta, así como do alcalde-presidente, por avalar ditas afirmacións, encubrir a situación e non garantir o cumprimento da legalidade.

Todo iso ao tratarse dunha actuación que vulnera os principios básicos de legalidade, transparencia e responsabilidade pública, e que supón un prexuízo directo para a cidadanía e para o tecido económico local.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

PRIMEIRO. Instar á dimisión do concelleiro de urbanismo, **Alberto Castro Calvete**, polas manifestacións realizadas en sede plenaria que non se corresponden coa realidade dos feitos, así como pola súa actuación neste asunto, consistente en:

- Realizar afirmacións falsas en sede plenaria
- Ocultar a situación real de ocupación de dominio público
- Permitir a continuidade dunha actividade sen licenza
- Non actuar ante unha ilegalidade manifesta, mesmo estando presente no lugar

SEGUNDO. Instar á dimisión do alcalde-presidente do Concello de Arteixo, **Carlos Calvelo Martínez**, por:

- Avalar as manifestacións falsas do concelleiro de urbanismo
- Encubrir a situación irregular descrita
- Non garantir o cumprimento da legalidade urbanística
- Incumprir os principios de transparencia e responsabilidade institucional

Deseguido, a Alcaldía-Presidencia somete a votación a urxencia da moción.

Votos a favor da urxencia: UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES.

Votada a urxencia, o Partido Socialista comunica á Alcaldía-Presidencia que necesita saír do Salón de Sesións para deliberar o seu sentido de voto.

Deseguido e sendo as 13:18 horas, a Alcaldía-Presidencia comunica que se vai a realizar un receso de cinco minutos.

Sendo as 13:24 horas a Alcaldía-Presidencia da por finalizado o receso e reanuda a celebración da sesión do Pleno.

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Votación:

Votos a favor:

- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Votos en contra:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR

Abstencions:

- 3 Grupo PARTIDO SOCIALISTA

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama POR MAIORÍA DOS/AS PRESENTES, rexeitada a moción.

B) PARTE DE CONTROL.-

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS E BANDOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA E DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL.-

1) Dase conta dos **Decretos**:

nº 702/2026 ata o nº 1051/2026

2) e das **Actas de Xunta de Goberno Local**:

- Acta XGL ordinaria do 12 de marzo do 2026
- Acta XGL ordinaria do 26 de marzo do 2026
- Acta XGL ordinaria do 10 de abril do 2026

1. ROGOS E PREGUNTAS.-

Grupo Municipal Non Adscrito

Pregunta NA accesos (RE 2026.999.4425 do 27.04.2026).-



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

PREGUNTA PLENO ORDINARIO:

Estado da vía de acceso dende a Avenida da Praia (Polígono de Sabón) cara os núcleos de Rañobre e Suevos

EXPOSICIÓN:

A vía que comunica a Avenida da Praia, no Polígono de Sabón, co lugar de Rañobre e coa parroquia de Suevos foi obxecto de actuacións de reparación mediante formigón en determinados tramos.

Non obstante, como consecuencia destas intervencións, existen zonas nas que o formigón executado presenta unha cota superior á do pavimento asfáltico contiguo, xerando resaltes e irregularidades no firme que provocan unha circulación incómoda e potencialmente perigosa.

Esta situación supón un risco para a seguridade viaria, ao afectar á estabilidade dos vehículos, e pode ocasionar danos nos mesmos, sendo ademais unha problemática coñecida polos usuarios habituais da vía.

PREGUNTAMOS:

- Pode o Goberno municipal indicar se ten coñecemento do estado actual desta vía e das deficiencias descritas no firme?
- Ten previsto o Concello adoptar algunha actuación para corrixir estas irregularidades e garantir unhas condicións adecuadas de seguridade viaria? En caso afirmativo, en que prazos?
- Considera o Goberno municipal que a execución das obras realizadas cumpre cos estándares técnicos esixibles en materia de conservación de vías públicas?

Pregunta NA legalización Portiño de Suevos (RE 2026.999.4425 do 27.04.2026).-

PREGUNTA PLENO ORDINARIO:

Situación da legalización do núcleo do Portiño de Suevos

EXPOSICIÓN:

Haí meses, os grupos da oposición presentamos unha moción conxunta instando ao Goberno Municipal a avanzar e finalizar coa maior celeridade posible o proceso de legalización do núcleo do Portiño de Suevos.

Posteriormente, e ante a falta de avances, este grupo municipal interesouse novamente pola situación do devandito proceso, trasladándose en sesión plenaria por parte do Sr. Alcalde que a paralización do mesmo se debía á espera dun informe da empresa Naturgy, debido a un suposto problema de potencia no núcleo de poboación.

Non obstante, segundo a información da que se dispón, para que a empresa Naturgy poida emitir un informe neste sentido resulta necesario que previamente o Concello inicie un expediente de acceso e conexión que inclúa, entre outra documentación, o proxecto do plan, as referencias catastrais afectadas, a potencia existente e a potencia proxectada, así como os usos previstos.

Así mesmo, a día de hoxe, non consta a existencia de dito expediente de acceso e conexión iniciado polo Concello, nin tampouco a solicitude formal do correspondente informe á empresa subministradora.

PREGUNTAMOS:

- Pode o Goberno Municipal indicar se o Concello de Arteixo iniciou formalmente algún expediente de acceso e conexión ante a empresa Naturgy en relación coa legalización do núcleo do Portiño de Suevos e, no seu caso, en que data se iniciou e en que estado de tramitación se atopa actualmente?
- En caso de non terse iniciado dito expediente, pode explicar o Goberno Municipal por que motivo se trasladou en sesión plenaria que a paralización do proceso de legalización se debía á espera dun informe de Naturgy?
- Considera o Goberno Municipal que a información facilitada en sede plenaria sobre esta cuestión foi completa e axustada á realidade dos feitos?



Pregunta NA parcela A Maceira (RE 2026.999.4425 do 27.04.2026).-

PREGUNTA PLENO ORDINARIO:

Parcela de A Maceira e incumprimento da reposición da legalidade urbanística

EXPOSICIÓN:

As actuacións realizadas na parcela da A Maceira, correspondente á referencia catastral **15005A06600026** (polígono 66, parcela 26, Empedrado – Arteixo), con fronte á estrada AC-552, consistentes na execución dun muro de escollera e movementos de terra, foron executadas sen a correspondente autorización municipal nin as preceptivas licenzas, circunstancia que xa foi obxecto de diversas preguntas neste pleno.

Así mesmo, **segundo se informou neste pleno e segundo o goberno municipal trasladou en medios de comunicación**, teríase requirido á propiedade a demolición das obras executadas e a reposición dos terreos ao seu estado orixinal, establecéndose a posibilidade de aplicar medidas coercitivas en caso de incumprimento.

Pero, a día de hoxe, e á vista do estado actual da parcela, non se produciu a execución efectiva da reposición da legalidade urbanística.

PREGUNTAMOS:

- Pode confirmar o equipo de Goberno se se ditou formalmente o requirimento de demolición e reposición da legalidade urbanística na parcela con referencia catastral 15005A06600026?
- En que data se realizou dito requirimento e en que estado se atopa actualmente o expediente?
- Que actuacións levou a cabo o Concello ante o incumprimento dese requirimento por parte da propiedade?
- Aplicou o Concello medidas coercitivas, tales como multas, ante o incumprimento da orde? En caso afirmativo, cales e con que resultado?
- Iniciou o Concello a execución subsidiaria da demolición e reposición da legalidade urbanística?
- Que medidas concretas vai adoptar o goberno municipal e en que prazo para garantir o cumprimento efectivo da legalidade neste caso?



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Rogo NA arranxo Rúa Cedeiras (RE 2026.999.4425 do 27.04.2026).-

ROGO PLENO ORDINARIO:

Arranxo do firme na Rúa Cedeiras – Vilarrodís.

EXPOSICIÓN:

Atendendo ao deficiente estado no que se atopa o firme da Rúa Cedeiras, en Vilarrodís, debido á presenza de numerosas fochancas e a un deterioro considerable, o que dificulta a circulación e supón un risco tanto para os vehículos como para as persoas usuarias da vía, especialmente para os veciños e veciñas que transitan pola zona de maneira habitual.

Así mesmo, esta situación vén prolongándose no tempo sen que conste a adopción de medidas suficientes para a súa corrección, o que incrementa o risco de danos materiais e compromete a seguridade viaria.

ROGAMOS:

- Que por parte do Concello de Arteixo se proceda á realización das actuacións necesarias para a reparación e acondicionamento do firme da Rúa Cedeiras, coa maior brevidade posible, garantindo unhas condicións adecuadas de seguridade e circulación.

Rogo NA estado paseo Seixedo (RE 2026.999.4425 do 27.04.2026).-

ROGO PLENO ORDINARIO:

Estado do paseo do Seixedo

EXPOSICIÓN:

É coñecido o proxecto previsto para a zona do Seixedo, incluíndo a mellora do seu paseo. Non obstante, nos últimos meses trasladáronse múltiples queixas veciñais en relación co estado actual do mesmo.

O paseo presenta, en diversos tramos, un estado deficiente que compromete a seguridade das persoas usuarias, con zonas deterioradas e outras que, a día de hoxe, se atopan valadas. Así mesmo, esta situación non se atopa correctamente sinalizada en todos os casos, o que incrementa o risco para as persoas que fan uso habitual desta infraestrutura.

Trátase, polo tanto, dunha situación que, ademais de prolongarse no tempo, require dunha actuación inmediata para garantir unhas condicións mínimas de seguridade e uso.

ROGAMOS:

- Que se informe ao Pleno sobre a previsión concreta de inicio das obras de mellora na zona do Seixedo, indicando prazos estimados.
- Que, mentres non se executen ditas actuacións, se proceda á reparación provisional dos tramos máis deteriorados e á adopción das medidas necesarias de sinalización e seguridade, co fin de garantir un uso seguro do paseo por parte da veciñanza.
- Que se dea conta ao Pleno das actuacións realizadas ao respecto.

Rogo NA paso peóns Avda. de Pastoriza (RE 2026.999.4425 do 27.04.2026).-



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

ROGO PLENO ORDINARIO:

Paso de peóns na Avenida de Pastoriza (enlace coa Travesía de Pastoriza)

EXPOSICIÓN:

O paso de peóns situado na Avenida de Pastoriza, xusto no punto de enlace coa Travesía de Pastoriza, atópase nun deficiente estado de conservación, presentando fochancas e un pintado deteriorado.

Así mesmo, segundo trasladan os veciños e veciñas da zona, dito paso de peóns atópase situado excesivamente próximo ao cruce, o que dificulta a visibilidade tanto para as persoas peóns como para os condutores, incrementando o risco de incidentes e comprometendo a seguridade viaria.

Esta situación, ademais de prolongarse no tempo, supón un risco evidente para a circulación e require dunha actuación inmediata por parte da administración municipal.

ROGAMOS:

- Que por parte do Concello de Arteixo se proceda, coa maior brevidade posible, á rehabilitación do firme e ao correcto repintado do paso de peóns indicado, avaliando igualmente a súa reubicación ou adaptación a unha distancia axeitada do cruce, co obxectivo de garantir unhas condicións adecuadas de seguridade viaria para peóns e condutores.

Grupo Municipal BNG

PreguntaBNG_FestaRosconLañas (RE 202699900004305 do 24.04.2026).-

GRAVES INCIDENTES NA FESTA DO ROSCÓN EN LAÑAS

EXPOSICIÓN

Chegou ao noso coñecemento que na recentemente celebrada Festa do Roscón en Lañas producíronse graves incidentes cando un grupo de rapaces realizaron actos vandálicos nas casas sitas preto do lugar da celebración nas que vive unha persoa de 97 anos, provocando destrozos e entrando no alpendre, e agredindo a unha persoa que lles recriminou a actitude (hai parte de lesións). Chamada a Policía Local nin sequera identificou aos agresores.

Por iso preguntamos:

É coñecedor o Goberno Local deste feitos? Levantou a Policía Local atestado destes incidentes? Cal é a súa versión dos mesmos? Están identificados os agresores?

PreguntaBNG_PlantaBiogas (RE 202699900004305 do 24.04.2026).-



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

PREGUNTA PLENO ORDINARIO

PLANTA DE BIOGÁS

EXPOSICIÓN

Vimos de saber que hai un proxecto de implantación no concello limítrofe e veciño da Laracha dunha macroplanta de produción de Biogás ou Biometano.
Non parece unha planta destinada ao interés xeral nin estratéxico polos perxuízos que conleva (nós, como concello de Arteixo, imos sufrir “danos colaterais” como poden ser o transporte e o fedor dos residuos como o do dixestato, o subproduto que queda tras a produción de biogás, a día de hoxe sen regulación específica en Galiza así como o gasoducto que o transporte que a día de hoxe tampouco se sabe nada), senón máis ben comerciais.
Sabemos que no concello veciño, todos os partidos políticos están en contra de dita planta.

Por todo isto, preguntamos

– Que posición ten o Partido popular de Arteixo e o goberno local sobre a instalación de dita planta? Ten previsto nos próximos días falar co seu homónimo da Laracha sobre este tema?

PreguntaBNG_Suevos (RE 202699900004305 do 24.04.2026).-

PROBLEMAS POTENCIA ELÉCTRICA LEGALIZACIÓN NÚCLEO DE SUEVOS

EXPOSICIÓN

Tendo coñecemento sobre a petición de información a Naturgy sobre a garantía do mantemento da subministración no núcleo de Suevos dada a existencia dun problema de potencia que podería supor un impedimento para a legalización do núcleo chegou a nós a resposta desta compañía na que indica que para realizar o estudo da capacidade de potencia no ámbito é preciso que o Concello de Arteixo inicie un expediente de acceso e conexión para a totalidade do plan urbano proxectado. Este expediente deberá aportar proxecto do plan, referencias catastrais con potencia existente, viais, potencia proxectada e usos, entre outros.

A compañía remata dicindo que a data de 13 de marzo de 2026 non teñen constancia de expediente de acceso e conexión aberto para tal fin.

Por iso preguntamos:

Pensa o goberno do Concello redactar ese expediente? É coñecedor desta resposta de Naturgy? Ten intención seria de cumprir o aprobado en moción e levar a cabo, sen máis demora o proceso de legalización do núcleo?

RogoBNG_Campanilla (RE 202699900004305 do 24.04.2026).-



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

PROBLEMA SEGURIDADE VIAL NA RÚA CAMPANILLA

EXPOSICIÓN

En Pastoriza, na rúa Campanilla na súa saída á Travesía de Pastoriza existe un grave problema de seguridade xa que os vehículos que se incorporan á Travesía dende a citada rúa carecen da visibilidade precisa para realizar a citada manobra en condicións axeitadas e sen perigo.

Por iso rogamos:

Que se estuden as posibles solucións para evitar este perigo na circulación, incluída a instalación dun espello que permita ver os vehículos que se achegan pola Travesía para así realizar de xeito seguro a incorporación dende a rúa Campanilla .

RogoBNG_ContratoLaOpinion (RE 202699900004305 do 24.04.2026).-

ROGO PLENO ORDINARIO

EXPOSICIÓN

Nos decretos asinados por alcaldía do mes de marzo de 2026, hai unha resolución que propón asinar un convenio con LA OPINIÓN por 7260 euros para subministro de 33 exemplares ata finais deste ano con cargo á partida de prensa e revistas que figura no orzamento de 50.000 euros.

Por todo isto, rogamos

– que se nos diga se están a preparar máis convenios deste tipo cos distintos medios de comunicación que traballan na comarca tanto de prensa, radio ou media.

RogoBNG_EstradaSorrizo (RE 202699900004305 do 24.04.2026).-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



MINISTERIO DE HACIENDA



Fondos Europeos

Arteixo

ROGO PLENO ORDINARIO

Estrada-Pista Sorrizo

EXPOSICIÓN

En Sorrizo, Hai unha pista que leva desde o Camiño da Area ata practicamente o Porto de Sorrizo. Aínda que nesta pista asfaltada é de preferencia peonil observamos que os coches circulan por ela como cando non era desta preferencia e ademais aumenta a frecuencia de incidentes como o destes pasados días que varios vehículos pincharon nesta vía por uns supostos cravos que intencionados ou non estaban na calzada.

Nesta vía, hai xa tempo que o BNG de Arteixo puxo en coñecemento do goberno local que existían uns balados de obra que acurtaban o espazo para circular aparte do feísmo que provocaban e que se foron integrando coa vexetación.

Hoxe en día, tamén vemos que a calzada está totalmente abandonada e que precisa dun asfaltado.

Por todo isto, rogamos

– Se ordene ben o tráfico de vehículos e peonil para evitar incidentes maiores e se actúe en dita pista realizando un proxecto que convida á cidadanía a disfrutar dun paseo seguro e de calidade.

Grupo Municipal PSOE

Preguntas PSOE legalización núcleo Suevos (RE 20260000004594 do 27.04.2026).-

PREGUNTAS SOBRE A LEGALIZACIÓN DO NÚCLEO DE SUEVOS

Fai un ano aprobábase unha moción que tiña como acordo, instar ao Goberno Municipal a finalizar con axilidade a legalización do núcleo do porto de Suevos, así como dotar a dito núcleo dos servizos municipais esixibles a toda a veciñanza do noso concello.

Este proceso que leva en marcha dende a chegada de Carlos Calvelo á alcaldía fai 15 anos, está estancado e as últimas respostas do grupo de goberno sobre esta cuestión din que está paralizado pola falla de resposta da empresa subministradora de enerxía "Naturgy" para dar servizo as vivendas que alí están situadas.

A Asociación de Veciños San Pancraco de Suevos consultou dita cuestión á empresa subministradora de enerxía coa seguinte contestación literal:

1. Para realizar el estudio de la capacidad de potencia en el ámbito, es necesario que el Ayuntamiento de Arteixo inicie un expediente de acceso y conexión para la totalidad del plan urbano proyectado.
2. En el expediente se deberá aportar proyecto del plan, referencias catastrales con potencia existente, viales, potencia proyectada, usos, etc.

3. En la fecha de firma de este escrito, no tenemos constancia de expediente de acceso y conexión abierto para tal fin.

Na contestación observamos que despois de 15 anos, o concello de Arteixo renuncia a continuar co plan de legalización do núcleo escudándose nunha problemática que nin tan sequera tramitou ante a empresa subministradora ao mesmo tempo que a veciñanza deste núcleo está preocupada pola indefensión que viven ante a aparición de proxectos industriais dos que nin están informados polos seus gobernantes.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **PREGUNTARLE** ao goberno local:

- ¿Cal é o verdadeiro motivo da paralización da legalización do núcleo do porto de Suevos?, ¿Renuncian a cumprir coas promesas e acordos coa veciñanza e resto de grupos políticos para ir todos a unha nesta legalización?

Preguntas PSOE ordenanza terrazas (RE 20260000004594 do 27.04.2026).-

PREGUNTAS POLO REITERADO INCUMPRIMENTO DO GOBERNO LOCAL DE PRESENTAR AS ORDENANZAS DE TERRAZAS E A DE CONTROL DE RUÍDOS

Levamos máis de 5 anos esperando a redacción dunha ordenanza que regule a instalación e horarios das terrazas do noso concello, neste tempo o goberno do PP trouxo dous textos que logo decidiu meter nun caixón ante a incapacidade de tomar decisións que poidan molestar aos propietarios dos locais que teñen unha instalación deste tipo ou a veciñanza afectada por ditas infraestruturas.

O PP leva 15 anos consecutivos gobernando este concello, con maiorías absolutas que lles permiten tomar as decisións que desexen, con orzamentos de incluso 70 millóns de euros anuais para investir no noso municipio, pero son incapaces de tomar decisións sobre a regulación das terrazas dos locais de hostalaría que dean seguridade aos propietarios dos locais e garantías para que a veciñanza reclame o seu descanso e unha boa mobilidade. Estamos entrando en período de bo tempo e un ano máis a cidadanía se atopa sen unha regulación necesaria que deba de estar aprobada fai anos.

Tamén escoitamos no mes de Setembro de 2025 como o concelleiro de urbanismo contestaba ás preguntas do noso grupo pola finalización do período de consulta pública para a redacción da ordenanza de ruidos, dicindo que esta se presentaría no pleno



ordinario do concello como moi tarde no mes de Novembro de 2025, pero levamos sete meses esperando a que se decidan a facelo, pese ás peticións da Valedora do Pobo.

O descanso da veciñanza e a seguridade para desenvolver unha actividade laboral neste concello son algo primordial e ditas cuestións poderían garantirse de existir unhas ordenanzas que regulen o que se pode e non se pode facer e como facelo.

O grupo de goberno se dedica a gastar os fondos que recibe o concello pero non se preocupa por garantir los dereitos da cidadanía, prefire seguir actuando con subxectividade dependendo a quen lle afecten as molestias e non quere un trato igualitario para toda a veciñanza cunha regulación que sexa clara.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **PREGUNTARLLE** ao goberno local:

- ¿Renunciou o grupo de goberno a ter aprobada unha ordenanza que regule a instalación e horario das terrazas do noso concello que tiña prometida?
- ¿Que pasou para que leve 7 meses paralizada a tramitación da ordenanza de ruído que prometeron ter en Novembro de 2025 e cando pensan aprobala?

Preguntas PSOE regularización extraordinaria inmigrantes (RE 20260000004594 do 27.04.2026).-

PREGUNTAS SOBRE A IMPLICACIÓN DA NOSA ADMINISTRACIÓN NO PROCESO DE REGULARIZACIÓN EXTRAORDINARIA DE INMIGRANTES

Estamos inmersos nun proceso de regularización de inmigrantes en situación irregular ata o 30 de Xuño, un proceso que da resposta a centos de miles de persoas que xa viven no noso país e que agora poderán gozar de plenos dereitos e cumprir coas súas obrigas como cidadáns.

Un proceso avalado polos 310 votos a favor no Congreso dos Deputados da Iniciativa Lexislativa Popular, que conta co respaldo dos axentes sociais, patronal e sindicatos e máis de 900 organizacións e 700.000 sinaturas que pedían a ILP, entre elas ONG's e Conferencia Episcopal.

O Consello de Estado avala o procedemento e valora positivamente os seus obxectivos de integración social e seguridade xurídica. O Consello Económico e Social subliña que a regularización administrativa é clave para unha integración efectiva destes cidadáns. O informe da Oficina Nacional de Prospectivo e Estratexia, expón un escenario económico e demográfico para 2075 se España reducise un 30% a migración: PIB baixaría un 22%, máis de 90.000 bares pecharían e perderíamos 15M de habitantes.

Os requisitos para dita regularización son:

- A permanencia en España ao menos cinco meses sen interrupción no momento da solicitude.
- Estar en España antes do 1 de Xaneiro de 2026.
- Carecer de antecedentes penais e non supoñer unha ameaza para a orde pública ou a seguridade e saúde pública.
- Acreditálo con documentos verificables, o empadramento pode servir.

O estado puxo a disposición ao redor de 450 oficinas habilitadas en todo o territorio, un reforzo do persoal de tramitación e específico de atención con máis de 550 persoas, máis de 150 entidades colaboradoras e profesionais habilitados como a avogacía Española e graduados sociais, etc... e unha plataforma única de xestión chamada MERCURIO.

Con esta oportunidade histórica podemos crecer economicamente, xerar emprego e riqueza e manter o noso sistema de benestar. A nosa prosperidade está unida a xestión da migración e a aportación de traballadores estranxeiros representa o 43% emprego creado dende a reforma laboral, supón o rexuvenecemento demográfico xa que a inmigración en España é eminentemente laboral e cun perfil de idade xuvenil, ademais de ser o correcto dende o punto de vista humanitario.

Ante un proceso que xa puxeran en marcha gobernos anteriores de todas as cores políticas como o de Felipe González, José María Aznar ou Jose Luis Rodríguez Zapatero, concellos como o noso, que ten un volume importante de inmigrantes entre a nosa veciñanza, debera de involucrarse para aquelas cuestións administrativas que faciliten a realización dos trámites aos afectados, en temas como o asesoramento e trámites de certificados de empadramento, vulnerabilidade e similares.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **PREGUNTARLLE** ao goberno local:

- ¿Deu o goberno local indicacións sobre este proceso aos traballadores municipais e reforzou áreas como o padrón municipal ou os servizos sociais polos certificados de vulnerabilidade como fixeron outros concellos?



MINISTERIO DE HACIENDA



Fondos Europeos

Arteixo

Rogo PSOE Camiño dos Cabalos (RE 20260000004594 do 27.04.2026).-

ROGO PEDINDO CAMBIOS NUN RESALTO INSTALADO NO CAMIÑO DOS CABALOS A ALTURA DO PASEO FLUVIAL E NUN REXISTRO E ASFALTO SOBRE ZANXA EN LOUREDA

Nas obras que se fixeron na canle do río e o seu cruce coa rúa Camiño dos Cabalos, instalouse un resalto no paso de peóns que cruza dita rúa, dende o noso grupo cremos que é oportuno instalar instrumentos que obriguen a circular a baixa velocidade neste lugar de tránsito de peóns entre unha zona de xogos e lecer da nosa cidadanía e o centro de saúde

A problemática xurde pola mala instalación deste resalto, xa que esta infraestrutura está a provocar danos nos vehículos que circulan polo Camiño dos Cabalos aínda que o fagan a velocidade reducida, cun resalto que non sabemos se cumpre coa normativa pero que está a xerar moito malestar na cidadanía que circula por esta rúa.

Na estrada DP-508 no entorno da Casa Rectoral de Loureda a veciñanza advirte do mal estado dun parche de asfalto realizado na zona de canalización de augas e dun dos rexistros deste servizo.

Para evitar que algún problema de seguridade neste lugar, o concello debera cambiar a tapa do rexistro que falta e mellorar o asfaltado da zona onde se levou a cabo a zanja, tal e como mostran as fotos que acompañamos.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **ROGARLLE** ao goberno local:

- Que faga as correccións necesarias neste resalto que cruza a rúa Camiño dos Cabalos para que facendo a súa función non sexa un problema para a seguridade e integridade dos vehículos que o cruzan e acondicione o parche de asfaltado e rexistros da auga da DP-508 no entorno da Casa Rectoral de Loureda.



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Rogo PSOE patíns elec. e bicicletas (RE 20260000004594 do 27.04.2026).-

ROGO SOBRE A NECESIDADE DE REGULACIÓN DA MOBILIDADE DOS PATÍNS ELÉCTRICOS E BICICLETAS E A INSTALACIÓN DE PUNTOS PARA A RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS

Vemos nos medios de comunicación como o grupo de goberno luce fachendoso nos medios de comunicación a súa suposta aposta pola mobilidade sostible do noso concello, con medidas como a posta en marcha do servizo de autobuses municipal ou o servizo de aluguer de bicicletas, pero vemos na realidade que dita aposta é máis unha imaxe para acceder aos fondos europeos que sufraguen ditos servizos ou obras urbanísticas que no fondo pouco teñen que ver con dita mobilidade sostible.

Se o goberno local aposta polo transporte urbano, ¿por que negarse a aceptar a invitación que fixo o concello de A Coruña para negociar a creación dun consorcio entre os dous concellos para unificar o servizo de transporte urbano e darlle unha mellor mobilidade aos nosos veciños que poderían viaxar entre ambos concellos sen necesidade de transbordos entre os buses dun e outro concello?

Se o goberno local aposta pola bicis como instrumento de mobilidade e non só de lecer, ¿por que o concello non fixo nin un só quilómetro de carril bici en 15 anos e non planifica nin executa as obras urbanísticas para tal fin, como fai o noso concello veciño da gran cidade?. ¿Porque nas obras que planifica ou executa das vías importantes do noso



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

concello, Avenida de Fisterra, as rúas principais do polígono de Sabón, a Travesía de Arteixo, a Avenida Platas Varela, a Avenida de Carballo, as Travesías de Oseiro, Pastoriza e Meicende non fan nada para a mobilidade en bici?

Se o goberno local aposta pola mobilidade sostible, ¿por que non vemos como se avanza na creación de espazos peonís dos nosos núcleos urbanos, e se fan obras que non limitan a presenza de vehículos? Vexamos o caso do Paseo do Balneario, cunha obra que non cambia case nada a configuración da mobilidade para ser unha obra máis estética que de aposta polo viandante.

Se o goberno local aposta pola mobilidade sostible ¿por que redactan unha nova ordenanza do servizo de taxis de costas do sector en vez de redactar unha ordenanza de mobilidade, onde se inclúan todas as actuacións nesa materia e se regule o tránsito da propias bicicletas ou a dos patíns eléctricos, que non se sabe por onde poden circular e en que condicións?.

Se o goberno local aposta por dita mobilidade, ¿por que seguimos sen ter puntos de acceso para cargar os vehículos eléctricos, a pesar de prometerlo en varias ocasións?.

Dende o grupo socialista cremos que esta política urbanística que está a implantar o PP e que poderíamos denominar de "greenwashing", o único que trata é conseguir financiación nos fondos europeos que xestiona o estado cun suposto compoñente medioambiental que logo na realidade dista moito de ser unha aposta real por un Arteixo verde e un erro a longo prazo, xa que o noso pobo debere ir avanzando en espazos deseñados para a comodidade do viandante e facer unha aposta real por unha mobilidade máis respectuosa co medioambiente.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **ROGARLLE** ao goberno local:

- Que aposte por unha verdadeira mobilidade sostible, consorciando o servizo de transporte público con A Coruña, planificando máis zonas peonís, carrís bici, a posta en marcha dunha ordeanza de mobilidade onde regulen o uso dos patíns eléctricos e as bicicletas e a posta en marcha de puntos de recarga eléctrica para vehículos tal e como se comprometeron.



Rogo PSOE seguridade (RE 20260000004594 do 27.04.2026).-

ROGO PEDINDO SEGURIDADE NOS PARQUES E RÚAS DE MEICENDE

No mes de Febreiro deste 2025 a Xunta de Galicia aprobou o proxecto para a rehabilitación integral do barrio do Petón no núcleo de Meicende, despois de o noso grupo solicitase en varias ocasións a rehabilitación de dito barrio para mellorar a calidade de vida e a seguridade da súa veciñanza.

Xa fai máis dun ano que se publicou a aprobación e non temos coñecemento de que a Xunta de Galicia e o concello de Arteixo puxesen unha oficina para desenrolar dito proxecto e tampouco se informou a veciñanza afectada das actuacións que se poden levar a cabo nas súas vivendas e aquelas que farán as propias administracións públicas no seu entorno.

No mes de Outubro do ano pasado o noso grupo presentaba un rogo pedindo maior vixianza e control dos espazos públicos como o parque da Cega no entorno da igrexa, a zona verde que se sitúa ao lado do centro cívico e o que está situado fronte ao Meicende Concilia, a veciñanza quere poder utilizar ditos espazos para nenos e maiores con seguridade, pero non observamos actuacións para reforzar a seguridade e a situación non mellorou, incluso vemos como nos amosan a aparición de navallas no parque infantil da rúa Valladolid.

Nese mesmo mes tamén comunicábamós que numerosos os veciños e veciñas de Meicende denunciaban a aparición dun novo edificio no entorno das Eiras utilizado como punto de consumo que fai que aparezan xiringas no seu entorno, dita edificación se sitúa no pasadizo que existe ao lado do estudo de arquitectura da Travesía de Meicende fronte ao bar Deza.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **ROGARLLE** ao goberno local:

- Que poñan en marcha canto antes as actuacións para a rehabilitación do Petón cunha campaña de información a veciñanza sobre as actuacións que levarán a cabo as administracións e cales subvención poden solicitar os afectados
- Que intensifiquen os controis policiais en Meicende polos problemas de convivencia nos parques e espazos públicos deste núcleo e actúen para evitar o uso desta edificación das Eiras como novo punto de consumo de estupefacientes

Rematada a intervención, pásase a dar resposta aos rogos e preguntas reflectidos, xenerándose o debate correspondente.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixogalicia.es/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia remátase a sesión, sendo as catorce horas e corenta minutos do mesmo día da data, de todo o que eu, Secretario Xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE

José Carlos Calvelo Martínez

A SECRETARIA ACCIDENTAL

Eva María Montes Fernández

Archivo de video

Sesión :Pleno Ordinario 30/04/2026.-

Archivo :Pleno Ordinario 30042026.-.mp4

Código SHA512 (Hash) del
video :01dee9c250bfc1e992dccfd92f9c1d45c416390d57108e052bcbd04c97c51b9b8c9389
c375ba1ac3e8ecc855876c2bd73d8a75d6f5345e755bef9e1197864f8c

Catalogación de la sesión

**** 00:00:09.552 - (9:34:23) - 00:00:39.011 : A) PARTE RESOLUTIVA.- 1. APROBACIÓN,
SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (Pleno Ordinario 26/03/2026).-

00:00:01.225 - (9:34:15) - 00:00:23.307 : Secretario/a

00:00:24.632 - (9:34:38) - 00:00:06.900 : Calvelo Martínez, Carlos

00:00:35.663 - (9:34:49) - 00:00:23.915 : Secretario/a

**** 00:00:48.583 - (9:35:02) - 00:00:01.980 : 2. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA
TESOUREIRÍA MUNICIPAL DO 1º TRIMESTRE DE 2026 DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS DE
MOROSIDADE, LEI 15/2010.-

00:00:35.663 - (9:34:49) - 00:00:23.915 : Secretario/a

**** 00:00:50.583 - (9:35:04) - 00:31:13.495 : 3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE
CRÉDITOS 9/2026. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 2/2026 E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO
1/2026.-

00:00:35.663 - (9:34:49) - 00:00:23.915 : Secretario/a

00:01:02.694 - (9:35:16) - 00:01:15.056 : Martínez Canosa, Noelia

00:02:18.835 - (9:36:32) - 00:05:05.415 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo

00:07:26.397 - (9:41:40) - 00:03:43.213 : Seco, Martín

00:11:09.710 - (9:45:23) - 00:03:23.259 : Maceiras López, Emilio

00:14:35.038 - (9:48:49) - 00:00:40.072 : Martínez Canosa, Noelia

00:15:17.225 - (9:49:31) - 00:02:25.088 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo

00:17:44.397 - (9:51:58) - 00:02:06.150 : Seco, Martín

00:19:53.663 - (9:54:07) - 00:02:18.119 : Maceiras López, Emilio

00:22:11.882 - (9:56:25) - 00:02:53.243 : Interventor/a

00:25:05.225 - (9:59:19) - 00:00:47.057 : Maceiras López, Emilio

00:25:55.397 - (10:00:09) - 00:05:59.666 : Calvelo Martínez, Carlos

00:31:56.147 - (10:06:10) - 00:00:24.916 : Secretario/a



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

**** 00:32:04.098 - (10:06:18) - 00:13:38.340 : 4. APROBACIÓN DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, AUGAS DE GALICIA, A AUTORIDADE PORTUARIA DE A CORUÑA, XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA- XESTUR, S.A E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "NOVO COLECTOR INTERCEPTOR SUEVOS-BENS. ARTEIXO (A CORUÑA)".-

00:31:56.147 - (10:06:10) - 00:00:24.916 : Secretario/a
00:32:21.163 - (10:06:35) - 00:00:50.994 : Martínez Canosa, Noelia
00:33:13.241 - (10:07:27) - 00:02:00.087 : Fernández Iglesias, Raúl José
00:35:15.444 - (10:09:29) - 00:00:28.994 : Seco, Martín
00:35:46.522 - (10:10:00) - 00:01:29.072 : Calvelo Martínez, Carlos
00:37:15.694 - (10:11:29) - 00:00:53.931 : Martínez Canosa, Noelia
00:38:09.725 - (10:12:23) - 00:01:49.150 : Fernández Iglesias, Raúl José
00:40:00.007 - (10:14:14) - 00:00:49.978 : Seco, Martín
00:40:50.085 - (10:15:04) - 00:00:05.915 : Secretario/a
00:40:56.100 - (10:15:10) - 00:04:37.353 : Calvelo Martínez, Carlos
00:45:34.538 - (10:19:48) - 00:00:12.931 : Secretario/a

**** 00:45:42.458 - (10:19:56) - 00:07:42.699 : 5. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DE MANTEMENTO DE EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO EDUCATIVO.-

00:45:34.538 - (10:19:48) - 00:00:12.931 : Secretario/a
00:45:50.569 - (10:20:04) - 00:00:21.916 : Martínez Canosa, Noelia
00:46:12.585 - (10:20:26) - 00:01:59.103 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
00:48:12.772 - (10:22:26) - 00:00:51.978 : Seco, Martín
00:49:06.866 - (10:23:20) - 00:03:43.244 : Ramos Álvarez, Inés
00:53:01.225 - (10:27:15) - 00:00:05.916 : Calvelo Martínez, Carlos
00:53:07.241 - (10:27:21) - 00:00:24.931 : Secretario/a

**** 00:53:25.177 - (10:27:39) - 00:27:26.980 : 6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE ARTEIXO SOBRE O REXEITAMENTO DA CONSTRUCCIÓN DUNHA ESTACIÓN DE MERCADORÍAS NO ENTORNO DE SOUTO (RE 202699900003698 do 13.04.2026).-

00:53:07.241 - (10:27:21) - 00:00:24.931 : Secretario/a
00:53:37.288 - (10:27:51) - 00:03:24.087 : Seco, Martín
00:57:11.522 - (10:31:25) - 00:00:58.978 : Martínez Canosa, Noelia
00:58:11.585 - (10:32:25) - 00:04:10.572 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
01:02:27.288 - (10:36:41) - 00:05:03.478 : Calvelo Martínez, Carlos
01:07:30.866 - (10:41:44) - 00:02:14.087 : Seco, Martín
01:09:47.069 - (10:44:01) - 00:00:32.947 : Martínez Canosa, Noelia
01:10:22.085 - (10:44:36) - 00:00:34.931 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
01:11:02.132 - (10:45:16) - 00:01:44.071 : Calvelo Martínez, Carlos
01:12:46.303 - (10:47:00) - 00:02:24.166 : Seco, Martín
01:15:10.569 - (10:49:24) - 00:00:08.947 : Calvelo Martínez, Carlos
01:15:33.616 - (10:49:47) - 00:00:27.931 : Calvelo Martínez, Carlos
01:16:36.757 - (10:50:50) - 00:00:31.946 : Seco, Martín
01:20:08.178 - (10:54:22) - 00:00:20.963 : Secretario/a

**** 01:20:52.177 - (10:55:06) - 00:30:26.526 : 7. MOCIÓN PARA A DEFENSA DO MUNICIPALISMO GALEGO E A REFORMULACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA (RE 202699900004064 do 21.04.2026).-

01:20:52.257 - (10:55:06) - 00:02:40.150 : Seco, Martín
01:23:41.522 - (10:57:55) - 00:02:10.072 : Martínez Canosa, Noelia

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixoo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

01:25:52.678 - (11:00:06) - 00:05:10.354 : Fernández Iglesias, Raúl José
01:31:07.163 - (11:05:21) - 00:05:27.556 : Ramos Álvarez, Inés
01:36:43.835 - (11:10:57) - 00:04:40.415 : Seco, Martín
01:41:29.366 - (11:15:43) - 00:00:32.994 : Martínez Canosa, Noelia
01:42:03.444 - (11:16:17) - 00:03:42.338 : Fernández Iglesias, Raúl José
01:45:50.913 - (11:20:04) - 00:02:42.400 : Ramos Álvarez, Inés
01:48:35.647 - (11:22:49) - 00:02:12.025 : Seco, Martín
01:50:49.788 - (11:25:03) - 00:00:09.900 : Calvelo Martínez, Carlos
01:51:08.788 - (11:25:22) - 00:00:16.931 : Secretario/a

**** 01:51:18.723 - (11:25:32) - 00:50:35.527 : 8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA A GRATUIDADE DA AUTOVÍA AG-55 (RE 202699900004143 do 22.04.2026).-

01:51:08.788 - (11:25:22) - 00:00:16.931 : Secretario/a
01:51:25.819 - (11:25:39) - 00:03:08.291 : Fernández Iglesias, Raúl José
01:54:38.210 - (11:28:52) - 00:01:37.072 : Martínez Canosa, Noelia
01:56:15.382 - (11:30:29) - 00:05:08.493 : Seco, Martín
02:01:28.007 - (11:35:42) - 00:04:51.493 : Calvelo Martínez, Carlos
02:06:19.600 - (11:40:33) - 00:05:13.432 : Fernández Iglesias, Raúl José
02:11:39.178 - (11:45:53) - 00:01:01.947 : Martínez Canosa, Noelia
02:12:44.210 - (11:46:58) - 00:02:17.165 : Seco, Martín
02:15:05.475 - (11:49:19) - 00:00:57.010 : Calvelo Martínez, Carlos
02:16:02.585 - (11:50:16) - 00:01:20.150 : Vázquez Sande, Ángel
02:17:22.835 - (11:51:36) - 00:01:45.009 : Fernández Iglesias, Raúl José
02:19:07.944 - (11:53:21) - 00:00:04.916 : Vázquez Sande, Ángel
02:19:12.960 - (11:53:26) - 00:02:25.165 : Calvelo Martínez, Carlos
02:21:39.210 - (11:55:53) - 00:00:04.915 : Calvelo Martínez, Carlos
02:21:44.225 - (11:55:58) - 00:00:20.947 : Zas Rodríguez, Purificación
02:41:02.225 - (12:15:16) - 00:00:07.932 : Calvelo Martínez, Carlos
02:41:49.335 - (12:16:03) - 00:00:13.884 : Secretario/a

**** 02:41:54.270 - (12:16:08) - 00:41:38.652 : 9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN Á DEFENSA DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES GALEGOS E CONTRA A CRIMINALIZACIÓN DAS BAIXAS LABORAIS POR PARTE DO GOBERNO DA XUNTA DE GALIZA (RE 202699900004143 do 22.04.2026).-

02:41:49.335 - (12:16:03) - 00:00:13.884 : Secretario/a
02:42:03.319 - (12:16:17) - 00:03:23.384 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
02:45:27.788 - (12:19:41) - 00:02:19.165 : Martínez Canosa, Noelia
02:47:49.038 - (12:22:03) - 00:05:55.447 : Seco, Martín
02:53:50.553 - (12:28:04) - 00:04:02.463 : Ramos Álvarez, Inés
02:57:55.147 - (12:32:09) - 00:05:00.260 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
03:03:00.491 - (12:37:14) - 00:01:22.087 : Martínez Canosa, Noelia
03:04:25.678 - (12:38:39) - 00:03:07.354 : Seco, Martín
03:07:34.116 - (12:41:48) - 00:03:09.322 : Ramos Álvarez, Inés
03:10:44.538 - (12:44:58) - 00:02:10.165 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
03:12:58.803 - (12:47:12) - 00:04:14.307 : Calvelo Martínez, Carlos
03:17:25.194 - (12:51:39) - 00:02:18.291 : Calvelo Martínez, Carlos
03:19:43.585 - (12:53:57) - 00:00:38.978 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
03:20:22.663 - (12:54:36) - 00:02:56.228 : Calvelo Martínez, Carlos
03:23:21.991 - (12:57:35) - 00:00:18.916 : Secretario/a

**** 03:23:32.942 - (12:57:46) - 00:33:18.761 : 10. ASUNTOS DE URXENCIA.-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

03:23:21.991 - (12:57:35) - 00:00:18.916 : Secretario/a
 03:23:41.007 - (12:57:55) - 00:00:06.962 : Calvelo Martínez, Carlos
 03:23:48.069 - (12:58:02) - 00:00:03.900 : Martínez Canosa, Noelia
 03:23:52.069 - (12:58:06) - 00:00:06.916 : Calvelo Martínez, Carlos
 03:23:59.085 - (12:58:13) - 00:00:09.884 : Martínez Canosa, Noelia
 03:24:11.085 - (12:58:25) - 00:06:11.509 : Martínez Canosa, Noelia
 03:30:23.725 - (13:04:37) - 00:01:37.135 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
 03:32:01.944 - (13:06:15) - 00:02:49.197 : Seco, Martín
 03:34:53.225 - (13:09:07) - 00:01:36.041 : Calvelo Martínez, Carlos
 03:36:30.350 - (13:10:44) - 00:01:39.041 : Martínez Canosa, Noelia
 03:38:10.522 - (13:12:24) - 00:01:21.041 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
 03:39:34.632 - (13:13:48) - 00:03:17.321 : Seco, Martín
 03:42:52.053 - (13:17:06) - 00:00:05.900 : Calvelo Martínez, Carlos
 03:43:00.085 - (13:17:14) - 00:00:53.040 : Calvelo Martínez, Carlos
 03:43:56.225 - (13:18:10) - 00:00:08.900 : Calvelo Martínez, Carlos
 03:44:14.288 - (13:18:28) - 00:00:37.962 : Calvelo Martínez, Carlos
 03:45:03.382 - (13:19:17) - 00:00:14.915 : Calvelo Martínez, Carlos
 03:50:14.991 - (13:24:28) - 00:00:03.947 : Calvelo Martínez, Carlos
 03:50:19.038 - (13:24:33) - 00:02:04.134 : Martínez Canosa, Noelia
 03:52:25.288 - (13:26:39) - 00:01:19.009 : Seco, Martín
 03:53:44.397 - (13:27:58) - 00:01:00.010 : Calvelo Martínez, Carlos
 03:54:44.507 - (13:28:58) - 00:00:11.931 : Seco, Martín
 03:54:56.538 - (13:29:10) - 00:00:02.915 : Calvelo Martínez, Carlos
 03:55:02.585 - (13:29:16) - 00:00:16.915 : Calvelo Martínez, Carlos
 03:55:38.632 - (13:29:52) - 00:01:11.056 : Secretario/a

**** 03:56:51.723 - (13:31:05) - 00:00:02.949 : B) PARTE DE CONTROL.- 1. DACIÓN DE
 CONTA DOS DECRETOS E BANDOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA E DAS XUNTAS
 DE GOBERNO LOCAL.- 2. ROGOS E PREGUNTAS.-

**** 03:56:54.692 - (13:31:08) - 01:07:18.855 : (sin descripción)
 03:56:54.772 - (13:31:08) - 00:02:47.244 : Martínez Canosa, Noelia
 03:59:46.132 - (13:34:00) - 00:04:07.446 : Martínez Canosa, Noelia
 04:03:54.850 - (13:38:08) - 00:03:04.072 : Fernández Iglesias, Raúl José
 04:07:02.007 - (13:41:16) - 00:02:09.181 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
 04:09:14.288 - (13:43:28) - 00:06:29.869 : Cedeira, Ana
 04:15:44.257 - (13:49:58) - 00:00:05.884 : Calvelo Martínez, Carlos
 04:15:52.225 - (13:50:06) - 00:00:06.947 : Calvelo Martínez, Carlos
 04:16:00.303 - (13:50:14) - 00:00:02.900 : Calvelo Martínez, Carlos
 04:16:03.303 - (13:50:17) - 00:00:09.916 : Cedeira, Ana
 04:16:31.335 - (13:50:45) - 00:01:13.947 : Ramos Álvarez, Inés
 04:17:47.397 - (13:52:01) - 00:02:59.275 : Calvelo Añón, José Antonio
 04:20:46.772 - (13:55:00) - 00:01:20.010 : Calvelo Martínez, Carlos
 04:22:06.882 - (13:56:20) - 00:00:22.962 : Calvelo Añón, José Antonio
 04:22:29.944 - (13:56:43) - 00:00:22.978 : Calvelo Martínez, Carlos
 04:22:53.022 - (13:57:07) - 00:00:38.041 : Calvelo Añón, José Antonio
 04:23:31.163 - (13:57:45) - 00:00:10.915 : Calvelo Martínez, Carlos
 04:23:42.178 - (13:57:56) - 00:04:30.494 : Caamaño Varela, José Manuel
 04:28:15.788 - (14:02:29) - 00:00:48.009 : Calvelo Martínez, Carlos
 04:29:03.897 - (14:03:17) - 00:00:21.916 : Fernández Iglesias, Raúl José
 04:29:25.913 - (14:03:39) - 00:00:37.947 : Calvelo Martínez, Carlos
 04:30:03.960 - (14:04:17) - 00:00:03.915 : Calvelo Añón, José Antonio
 04:30:07.975 - (14:04:21) - 00:03:55.307 : Calvelo Martínez, Carlos

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

04:34:03.382 - (14:08:17) - 00:00:52.009 : Calvelo Martínez, Carlos
04:34:55.491 - (14:09:09) - 00:00:13.931 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
04:35:09.522 - (14:09:23) - 00:00:11.869 : Calvelo Martínez, Carlos
04:35:21.491 - (14:09:35) - 00:00:53.009 : Calvelo Añón, José Antonio
04:36:14.600 - (14:10:28) - 00:11:11.088 : Calvelo Martínez, Carlos
04:47:25.788 - (14:21:39) - 00:02:48.134 : Castro Calvete, Luis Alberto
04:50:14.022 - (14:24:28) - 00:01:11.103 : Martínez Canosa, Noelia
04:51:25.225 - (14:25:39) - 00:04:17.338 : Castro Calvete, Luis Alberto
04:55:42.663 - (14:29:56) - 00:02:38.259 : Calvelo Martínez, Carlos
04:58:21.022 - (14:32:35) - 00:00:18.916 : Martínez Canosa, Noelia
04:58:40.038 - (14:32:54) - 00:02:18.212 : Calvelo Martínez, Carlos
05:00:58.350 - (14:35:12) - 00:00:17.885 : Martínez Canosa, Noelia
05:01:16.335 - (14:35:30) - 00:02:54.197 : Calvelo Martínez, Carlos
